


Presentación do robot mBot.


¿Que é un robot?

Un robot poderíase definir como unha máquina programable que é capaz de executar certas tarefas e que disfruta de certo grao de *intelixencia* de xeito que é quen de tomar decisións en base ás circunstancias que o rodean.


Para poder cumprir esa definición un robot está dotado dun conxunto de **sensores** que lle dan información sobre o medio físico e un conxunto de **actuadores** para executar as tarefas para as que foi programado. A toma de decisións realízase a través do programa que se estableceu na súa controladora.



mBot componse dun chasis metálico, motores (actuadores externos), sensores externos e unha placa electrónica chamada **mCore** (basada nunha placa Arduino UNO)



A placa mCore por sí sola xa é un sistema robótico ou automatizado, vexamos os **sensores** e **actuadores** que temos dispoñibles.



Sensores incluídos na placa mCore:

- Sensores de luminosidade
- Receptor de infravermellos
- Pulsador

Actuadores incluídos na placa mCore:

- Buzzer piezoeléctrico (emite sons)
- 2 LEDs RGB
- Emisor de infravermellos

Información realizada coa axuda da web: <https://juegosrobotica.es/>

